

RELATORIO DA AMIZADE DE CARLOS VELO E LUIS BUÑUEL E SEMELLANZAS ENTRE *LAS HURDES/TIERRA SIN PAN* E *GALICIA*

MIGUEL ANXO FERNÁNDEZ

Abstract

C'est à partir de la récupération du documentaire *Galicia* de Carlos Velo, on essaye d'établir quelque point de jonction avec *Las Hurdes/ Tierra sin pan* de Luis Buñuel, que la historiographie espagnole du cinéma n'avait pas pu établir. Cette circonstance reconstruit l'intense et féconde relation d'amitié entre les deux auteurs pendant demi siècle, premièrement en l'Espagne républicaine et plus tard pendant l'exile mexicain des deux.

En permanente estado de reconstrucción da memoria audiovisual de Galicia, faise necesario lembrar como as traxectorias do aragonés Luis Buñuel e do galego Carlos Velo, teñen algunhas cousas en común, que van máis alá da súa amizade persoal cando se setablecen algunhas interesantes analoxías entre a documental do primeiro, obra maestra do xénero español, *Las Hurdes/Tierra sin pan* (1932), e *Galicia* (1935), da autoría do segundo, esta última ata hai moi poucos anos desaparecida e agora felizmente recuperada na súa primeira metade¹ para confir-

marse igualmente como outra peza maxistral do documentalismo.

Ambos estiveron vencellados ó novo círculo intelectual da Residencia de Estudiantes en Madrid², apoiaron con entusiasmo a República desde a actividade cultural, foron convencidos antifranquistas e finalmente coincidirían en México durante o exilio, onde residirían ata as súas mortes. E aínda que o galego centrou a súa vida profesional con particular dedicación ó documental, á formación de cineastas e ó coñecemento das novas tecnoloxías audiovisuais, e o aragonés practicamente en exclusiva ó cine argumental, ambos pasaron tamén por unha etapa na que fixeron películas «alimenticias» coa intención de garantir a capitalización suficiente para proxectos máis persoais.

Nesta última variante, o balance de Buñuel superou amplamente ó de Velo, que regresaría ó xénero que mellor dominaba despois dos seus notorios fracasos na segunda metade dos anos sesenta, agás a incomprendida e cada vez máis xustamente reivindicada, *Pedro Páramo* (1966) sobre a novela de Juan Rulfo. Hai unha fonda relación persoal e mesmo profesional, aínda pouco coñecida, que tentarei afrontar de xeito xeral. As evidentes analoxías entre *Las Hurdes/Tierra sin pan* e *Galicia*, aportan agora unha nova perspectiva ó tema desde o punto de vista creativo, á espera de futuros estudos comparativos entre ambas filmacións, que sempre deberán considerar as outras obras dese tempo, en moitos casos tamén desaparecidas ata este intre. Despréndese das mentadas

¹ Considerábase perdida desde 1937 polos avatares da Guerra Civil, ata que a mediados dos anos setenta, o operador Cecilio Paniagua atopou o primeiro rolo correspondente á parte dos Homes da terra e agasalloulla a Velo durante unha viaxe a México. En 1985, o propio Velo trouxo á homenaxe que lle promoveron as Xornadas de Cine e Video en Galicia (XOCIVIGA) do Carballiño, unha casete de limitada calidade na que xa se percibía a calidade da documental. Finalmente en 1999, a súa filla Teresa Velo atopou o rolo orixinal do que se tirou unha copia que forma parte do Fondo Carlos Velo que actualmente manteñen en Galicia un grupo de intelectuais vencellados coa obra e o maxisterio do director.

² O caso de Carlos Velo era casual xa que a súa noiva, María Luisa Santullano, filla do ilustre pedagogo Luis Álvarez Santullano, vivía preto da Residencia e tiñan alí amigos comúns, de aí que frecuentara a magna institución e tivera relación con moitos dos mozos intelectuais alí acollidos.

analoxías que a revisión do documentalismo español durante a etapa da República é un estudio pendente, en boa parte debido a que, como xa anotamos, *Galicia* era, e segue a ser aínda por canto a metraxa recuperada é un feito moi recente, unha descoñecida que ata agora imposibilitou a súa difusión entre os especialistas interesados na especialidade.

1. RELATORIO DUNHA AMIZADE

Carlos Velo (1909-1988) tivo o seu primeiro contacto con Luis Buñuel (1900-1983) cando en 1928 este pediu desde París ó Museo Nacional de Ciencias Naturales de Madrid, unhas formigas para o seu primeiro filme, e desde aquela atopáranse por varias veces como parte dunha amizade só truncada coa morte do primeiro. Max Aub, nun interesante volume de conversas con Buñuel e con persoas vencelladas a el, íntima ou profesionalmente³, recolle unha ampla entrevista co documentalista de Cartelle na que fai unha amena e curiosa referencia a esa amizade malia silenciar os aspectos máis privados, que tratarei de aportar tamén a través deste artigo porque o relato dos seus encontros é particularmente substancioso.

Carlos Velo era un biólogo en prácticas cando recibiu do seu superior no Museo o insólito encargo das formigas. Contestáranlle desde Madrid a Buñuel, que do mesmo tipo das solicitadas podíanse atopar nos bosques dos arrabaldes da capital francesa, «en el Bois de Boulogne hay la misma *Formica rufa*»⁴, pero o solicitante rexeitounas por consideralas «pouco rabeosas». Descartada a suxestión, Velo foi ó Guadarrama, recolleu unha chea delas, meteunas nun toco empodrecido acompañado de follas de piñeiro humedecido, envolveunas nun saco e mandoullas a París en tren. Esas formigas quedaron inmortalizadas nunha das secuencias máis impactantes de *Un perro andaluz* (1928).

Nese intre ambos aínda non se coñecían persoalmente, pero pouco despois de que Buñuel filmara a súa longametraxe *La edad de oro* (1930), Velo e os seus compañeiros do cine club Español invítarono a presentala en Madrid, cando chegaba desde Francia

acompañada con sona de escandalosa. En verbas de Velo «a película estaba prohibida pola Ditadura de Primo de Rivera e tróuxoa o mesmo Buñuel debaixo da gabardina»⁵. Cando en 1932, Buñuel regresa a Madrid para filmar *Las Hurdes/Tierra sin pan*, e asume con Urgoiti a creación da productora Filmófono, o galego xa andaba a voltas coa idea de adicarse ó documental profesional.

Foi xustamente nos talleres Filmófono onde filmaría a secuencia final da súa curtametraxe *Felipe II y El Escorial* (1935) que tanto impactara en Buñuel. En verbas do propio Velo, «eu ideara un truco para o desenlace, que divertira moito a Buñuel, presente na rodaxe: víase a tumba de Alfonso XIII e nela catan ósos con talco e armábase unha pollera. A mensaxe era obvia: po e ósos, non quedaba nada máis da etapa anterior. A xente levantábase e aplaudía. Aplaudían á República»⁶.

Xa cra Velo un documentalista de certo prestixio crítico, cunha dilatada nómina de curtametraxes filmados en colaboración co crítico e xornalista Fernando G. Mantilla en tarefas de produtor, cando acontece o drama da Guerra Civil. Despois dunha serie de peripecias, e motivado tamén polo seu nulo interés nas armas e nas trincheiras, o autor de *Las Hurdes/Tierra sin pan* regresa a Francia mentres Velo acubíllase primeiro por terras segovianas, despois na súa Cartelle natal e máis tarde na veciña aldea de Lobeira, na casa dos irmáns Lourenzo pola amizade que tiña con Xaquín, Xocas, antes de pasar por Ourense cara a Sevilla con destino a Marrocos para facer *Romancero marroquí* en 1938, película que deixará rematada pero sen postproducir e que máis tarde o franquismo estreará co nome de Enrique Domínguez Rodiño como director.

No intre da súa obrigada marcha de Madrid, Velo deixara montada *Galicia* sen poder engadirle o «off» que despois escribiría Mantilla. O realizador galego nunca chegaría a vela proxectada sobre unha pantalla na súa versión definitiva. Nos primeiros meses de 1937, corre por Madrid o rumor do seu asasinato, vítima da represión falanxista⁷.

⁵ Declaracións a Maribel Outeiriño, La Región, 17.10.76.

⁶ Alberto García Ferrer. «De memoria: Carlos Velo». Cuadernos Hispanoamericanos, n.º 410, p. 145. Citado traducido ó galego en Miguel Anxo Fernández, *Carlos Velo, mestre do documental*, Santiago, 2001, p. 13.

⁷ Carlos Velo tiva que fuxir de Cartelle para impedir o seu «paseo» como estaba a acontecer na Galicia daqueles anos.

³ *Conversaciones con Buñuel*. Madrid, RIALP, 1984, pp. 407-417.

⁴ *Ibidem*, p. 410.

Buñuel coñece a noticia e non atopa dificultade algunha en convencer ó xurado da Exposición Internacional de París en 1937, para que *Galicia* (exhibida xunto a outras curtametraxes da República, incluídas outras do propio tándem Velo-Mantilla) reciba o Diploma de Honra. A débeda de agradecemento do galego será eterna, pero xa non voltarían a atoparse ata os anos cincuenta, e máis en concreto cando o segundo propón a filmación de *Nazarín* en 1958 para o produtor mexicano Manuel Barbachano, con Carlos Velo como supervisor absoluto da rodaxe. Como é costume no oficio do cine, as relacións entre director e produtor non poideron evitar ser tensas, e tócalle ó realizador galego asumir o papel de mediador entrambos. A rodaxe deu pé a xugosas anécdotas que non son do caso, pero o tema complicase cando Buñuel se nega a viaxar a Cannes para defender a película diante da crítica.

Unha vez máis deberá intervir Velo para solucionalo, pero non conseguirá cambiarlle a opinión ó director e aplacar así o enfado de Barbachano, que tiña postas moitas esperanzas de negocio na película. Velo sería o encargado de deseñar o seu lanzamento, que finalmente sería un notable éxito comercial en México, con numerosas vendas ó exterior. Quedaría sobre a mesa outro proxecto para Barbachano, que debería ter novamente a Velo como director de produción, e que se chamaría «Los naufragos de la calle Providencia». Daquela xa non se faría, aínda que anos despois, Buñuel reconvertiríao en 1962 noutra das súas obras maestras, *El ángel exterminador*.

Sen embargo o incidente de *Nazarín* non afectara á relación entre ambos cineastas que coincidirán despois en numerosos foros, á parte de visitarse con frecuencia nos seus domicilios. Será nesa etapa de estreita amizade, cando o de Cartelle lle fale a Buñuel de Prisciliano e máis de Galicia, «*métolle o formiguiño de Galicia, cóntolle que andaba este Prisciliano polos bosques, espido, coas monxas tamén espidas, imaxinando as orxías, en fin, que nos*

«*Sain coa miña muller pola porta de atrás da miña casa, porque enfrente agardábame o falanxista Montero cunha brigada de Valladolid para prenderme, o que naquel momento quería dicir que me pasearían polo Furriolo*». Recollido por Luis Álvarez Pousa en «Carlos Velo, nacionalista galego. Por Galicia un venres santo». *Teima*, 24. 26 maio/2 xuño, 1977. Cit. en Miguel Anxo Fernández, *Carlos Velo. Cine exilio*, Vigo, A Nosa Terra, 1966, p. 21.

divertimos a base de decir barbaridades»⁸. Entusiasmado, Buñuel anuncialle que algún día fará algo sobre o asunto. Cumpliría a súa palabra, porque en 1968 filmaría *La Vía Láctea*, na que afrontaría o tema e incluíría uns planos de Santiago de Compostela fotografiados pola segunda unidade.

Xa en 1969, o Cine Club de Economía da Universidade de México organiza a revisión máis completa da filmografía buñueliana co xenérico Antoloxía «Buñuel 1928-68», na que Velo participará como un dos poñentes-presentadores dos filmes entre unha ampla nómina de personalidades. Tres anos despois, en 1975, o director galego promove e funda unha das institucións de máis prestixio no actual audiovisual mexicano, o Centro de Capacitación Cinematográfica. O mestre aragonés aceptará ser o presidente de honra a invitación de Velo, e accederá a manter encontros maxistrais cos futuros alumnos.

Dous anos despois acontece na vida de Carlos Velo o seu lamentable incidente con Margarita López Portillo (irmá do Presidente Portillo e responsable oficial da súa política cinematográfica), que o levará á cadea baixo unha grave acusación de malversación de fondos. Velo, mentres persistan as acusacións, que considera unha calumnias, non aceptará deixar o Reclusorio como lle propoñen desde o goberno, presionado pola opinión pública e tamén pola poeira solidaria levantada no plano internacional, sobre todo desde Galicia. Desde os estamentos oficiais propoñenlle que asuma alomenos unha parte do desfalco que lle atribuen para non deixalos en evidencia, pero négase. Cando finalmente abandona a cadea totalmente limpo de culpabilidade, e a resultas das presións, Velo enteirase de que Buñuel intercedeu diante da Fiscalía mexicana para avaliar a súa inocencia. Cando o director de *Torero!* foi a agradecerlle o xesto, Buñuel negoullo con rotundidade. O autor de *Viridiana* era pouco amigo de alardear da súa influencia, malia ser coñecida a súa ilimitada xenerosidade e fidelidade para cos seus amigos.

Cando por fin, Buñuel accedeu a que os seus íntimos lle montaran unha festa de cumpreanos, á que asistiron numerosos intelectuais, entre eles os escritores García Márquez, Cortázar ou Fuentes, Velo lograría meter a cámara na súa casa para fil-

⁸ Declaracións ó autor, recollidas en *As imaxes de Carlos Velo*, Vigo, A Nosa Terra, 2001, p. 135.

mar un documento único, tempo despois presentado como *Homenaxe a Luis Buñuel* no conxunto de vídeos *Os republicanos españois no exilio* producidos en 1983 para o Ministerio de Cultura español. Foi o mellor xeito de recordar ó gran amigo, proba dun afecto nunca esquecido.

2. DE LAS HURDES/TIERRA SIN PAN A GALICIA

Era lóxico que Luis Buñuel premiara en París a *Galicia* de Carlos Velo como parece natural que este coñecera *Las Hurdes/Tierra sin pan* (prohibida durante o *bienio negro republicano* baixo a acusación de dar unha imaxe negativa de España), para tomalo como unha referencia máis á hora de afrontar unha cuartametraxe sobre o seu país. Sen embargo, nin o gran documentalista ourensán admitiu esa influencia (falou sempre de Flaherty, Pudonkin ou Dovjenko), nin os analistas da época estableceron conexións entre ambas, ata certo punto comprensible polos atrancos padecidos pola película do director ourensán para a súa estrea en plena Gerra Civil e xa durante o franquismo coa retirada da copias dos circuitos. De feito as mencións a *Galicia* da historiografía española do cine, fixéronse sempre recurrido ás escasas fontes escritas existentes ou ás igualmente escasas fontes orais que lembraban os valores das imaxes de Velo.

Co gallo da exposición «Las Hurdes. Un documental de Luis Buñuel» no Centro Galego de Arte Contemporánea compostelán⁹, compartín mesa redonda co comisario da mostra, Javier Herrera, da FilMOTECA Española, e co primeiro experto na obra buñueliana, Agustín Sánchez Vidal. A miña presenza entre eles pretendía establecer unha pouco coñecida «conexión» Buñuel-Velo a partires de *Galicia*. Como se pode supoñer, os meus contertulios nunca tiveran acceso a ela por non conservarse copia da curtametraxe na FilMOTECA Española, e despois de visionar as súas imaxes nunha casete chegada desde México en 1985, ficaron asombrados do seu discurso plástico e narrativo porque a través delas asomaba a forte personalidade dun documentalista do que xa se coñecía o alto nivel amosado en *Almadrabas* (1935), a única obra do

seu período español que se conserva enteira e sen manipulacións¹⁰. Naturalmente confirmábanse as afirmacións de quen consideran a Carlos Velo como o mellor documentalista da República, con Fernando G. Mantilla en labores de produción.

Javier Herrera especulou sobre as influencias plásticas que Velo poidera extraer de Buñuel xa desde os primeiros planos nos que ambos presentan, a través dunha gran panorámica, o marco xeográfico da acción, e tamén na súa clara intención antropolóxica, nos agudos apuntes costumbristas e ata na idea xeral da planificación. Pola súa banda, Sánchez Vidal amosou a súa sorpresa pola evidente influencia dos mestres soviéticos no trazo dalgunhas secuencias e sobre todo na sombra do compositor Prokofiev no uso da banda sonora composta por Rodolfo Halffter. Quedaba claro que *Galicia*, filmada en 1935 por terras galegas aproveitando as datas vacacionais de Velo para compartilas coas súas responsabilidades académicas, podía considerarse no contexto do cine español como o alongamento natural de *Las Hurdes/Tierra sin pan*, realizada só dous antes.

Obviamente hai contrastes entre ambas, sobre todo no enfoque global. Buñuel achegouse a aquela paraxe extremeña levado por criterios ideolóxicos derivados do seu compromiso coa República; estéticos porque viña de abeirar o surrealismo na súa variación máis formalista; e mesmo humanistas, pola pretensión de retratar a deprimente realidade daquelas xentes dunha terra que semellaba deixada da man de Deus, como nun inframundo. Pode que Velo se movera polos vieiros semellantes, pero a maiores pretendía tamén a visión da propia terra filtrada a ollos dun galeguista, quizais daquela non abertamente comprometido aínda co nacionalismo pero tampouco alleo ós seus postulados ideolóxicos.

Mentres Buñuel non dubidou en «reconstruír» aspectos da súa película (mercou unha cabra para filmar o seu despenado e ensaiou algunhas escenas cos paisanos...), non parece que o galego fixera o mesmo por ir contra á súa filosofía de documenta-

⁹ O 25 de marzo de 1999. A exposición tiña carácter itinerante.

¹⁰ A FilMOTECA Española conserva copias da versión íntegra de *Almadrabas* (1935), da manipulada de *Felipe II y El Escorial* (1935), e dez minutos coa metraxe parcial de *La ciudad y el campo* (1934). En abril de 2001, o Centro Galego das Artes da Imaxe a indicación miña localizou no Bundesarchiv-Filmarchiv de Berlín oito minutos escasos da parte final de *Castillos de Castilla* (1936).

lista, de levantar coas cámaras unha acta notarial da realidade sen recurrir ó artificio. Compre ter en consideración que, para certificar as súas pretensións, Velo asesorouse con Rafael Dieste no relativo ó guiión, con Xaquín Lourenzo Xocas para a antropoloxía e a documentación, con Bal e Gay para a compoñente folclórica, ou mesmo con Castela para o deseño dos títulos de crédito que abren a película a xeito de panorámica sobre a feira de Cartelle.

Finalmente Buñuel atopárase con *Galicia* en París no ano 1937. Malia que os filmes presentados, e mesmo a presenza activa de Buñuel á fronte do xurado, tiñan como fin último solidarizarse coa República española diante da rebelión franquista, o Diploma de Honra foi para Velo por méritos propios porque o seu filme afastábase da tendencia xeral daqueles anos, moi de promoción publicitaria ou de sinxelas pretensións esteticistas, e mesmo do resto da súa obra documental. Coa intención de restarse tales méritos, contou o premiado que no galardón influíu o comentario xeralizado da súa morte violenta en España, pero resulta evidente que Buñuel apreciou aspectos que lle lembraban a *Las Hurdes/Tierra sin pan*.

Certo que o texto en «off» engadido por Mantilla insiste na tese da solidariedade para co goberno democráticamente instalado no poder da Repúbli-

ca, mesmo aportando un ton entre panfletario e demagóxico que incomoda ó espectador actual, pero é máis certo aínda que Buñuel mirou en *Galicia* a prolongación natural do pretendido con *Las Hurdes/Tierra sin pan*, imaxes cheas de verdade, servidas cun senso visual absolutamente anovador e reforzadas cun discurso claramente reivindicativo. Mágoa que as circunstancias da Guerra Civil e o descoido padecido durante anos polo patrimonio audiovisivo, nos impidan o disfrute da súa versión completa. Se algún día acontecera ese milagre, Carlos Velo vería restituído o seu labor e reforzado o seu prestixio (a recente restauración¹² de *Romance-ro marroquí* xa foi nesa mesma dirección ó ollos da historiografía española) a alturas do seu amigo e admirado Luis Buñuel en *Las Hurdes/Tierra sin pan*.

BIBLIOGRAFÍA CITADA

- AUB, MAX, *Conversaciones con Buñuel*, Madrid, RIALP, 1984.
- FERNÁNDEZ, MIGUEL ANXO, CARLOS VELO. Cine e exilio, Vigo, A Nosa Terra, 1969.
- *Carlos Velo, mestre do documental*, Santiago, CGAI, 2001.
- *As imaxes de Carlos Velo*, Vigo, A Nosa Terra, 2001.

¹¹ Non se descarta que a progresiva clasificación dos numerosos fondos que a Filmoteca Española posúe aínda sen clasificar, poidan aportar novas luces sobre a documental coa aparición dunha copia na súa versión completa. O feito de que fora retirada polo franquismo da súa exhibición comercial, xoga a prol desta posibilidade.

¹² Realizada pola Filmoteca Española no bienio 2000-2001, tomando como referencias a versión franquista que aparecerá en Tetuán en 1992, en varias copias, e a versión alemá conservada no Bundesarchiv-Filmarchiv de Berlín. Esta última versión, considerada a orixinal de Carlos Velo, estreouse en Santiago de Compostela o 21 de xuño de 2001 dentro do ciclo «Carlos Velo, mestre do documental».